



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/7

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, VENRES 16 DE SETEMBRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria-acctal que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

MONICA VILELA VILELA

MANUEL CARAMES LOPEZ

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

AUSENCIAS:

TANIA ROMERO GARCIA

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

JAVIER LEMA SUAREZ

SECRETARIA/ACCTAL: M. CARMEN BARCIA FERNANDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da Acta da sesión anterior, celebrada o día 11/08/2022.
- 2.-Adhesión declaración sobre defensa do Ceo Nocturno e dereito á Luz das Estrelas (STARLIGHT)
- 3.-Corrección erro modificación orzamentaria 16/2022
- 4.-Aprobación Conta Xeral 2021
- 5.-Dar conta Decretos de Alcaldía do 11 de xuño ao 11 de setembro de 2022
- 6.-Control órganos de Goberno. Rogos e preguntas

1.-Aprobación acta sesión anterior celebrada o día 11/08/2022.

A secretaria-acctal explica que no pleno anterior, no punto 4 de Recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2022, existe un erro de transcripción numérico, xa que se fixo constar 1064,34€, cando a cantidade correcta é 1064,94€.

O pleno dase por enterado.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

2.-Adhesión declaración sobre defensa do Ceo Nocturno e dereito á Luz das Estrelas (STARLIGHT).

A Secretaria-acctal explica que todos teñen copia da proposta ao respecto.

Sen producirse debate e por unanimidade dos membros presentes, o pleno acorda:

-Adherirse á declaración sobre a defensa do ceo nocturno e ao dereito á luz das estrelas.

3.-Corrección erro modificación orzamentaria 16/2022

A Secretaria acctal explica que todos teñen copia da proposta de Alcaldía ao respecto.

Sen producirse debate e por unanimidade dos membros presentes, o pleno acorda corrixir o erro material e aritmético da modificación orzamentaria 16/2022, quedando da seguinte maneira:

-Na partida orzamentaria 338.48903 debe dicir Asociación de Profesionais Percebe da Barca.

-Na partida orzamentaria 454.761.00 debe dicir 453.61900: Estradas. Outras inversións de reposición de bens destinados ao uso xeral, por importe de 40.000€.

4.-Aprobación Conta Xeral 2021

A Secretaria acctal explica que a Conta Xeral 2021 foi informada favorablemente na Comisión de Contas correspondente e exposta ao público durante o prazo de 15 días sen que se presentasen reclamación ao respecto.

O pleno, por unanimidade dos membros presentes acorda aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2021, e rendela aos órganos de control externo, Consello de Contas e Tribunal de Contas.

5.-Dar conta Decretos de Alcaldía do 11 de xuño ao 11 de setembro de 2022

A Secretaria acctal manifesta que se dá conta ao Pleno das resolucións de Alcaldía do 11 de xuño ao 11 de setembro de 2022.

O pleno queda enterado.

MOCIÓNS DE URXENCIA

De acordo co establecido no ROF o Sr Alcalde manifesta que quere presentar, para o seu tratamento por urxencia como proposta do grupo municipal do PSOE, un escrito sobre os problemas na atención sanitaria no Centro de Saúde de Muxía, xa que o SERGAS non está a cubrir as baixas dos médicos nin as vacacións, e que hai constancia de que en certos momentos no centro de saúde de Muxía só hai un facultativo para 4.500 habitantes.

O Sr. Alcalde comenta que ten constancia das queixas que existe polos veciños e facultativos neste momento no centro de Saúde de Muxía, xa que hai momentos en que só existe un



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

facultativo para 4.500 habitantes, e que a atención que se está a dar é moi precaria.

Creo que xa houbo manifestos con respecto a isto en pediatría e que a situación se non é igual é parecida e agora está pasando o meso na atención primaria. Consideramos que dende este concello e esta corporación temos a obriga de garantir esta cobertura.

Sometida a urxencia a votación, queda aprobada por unanimidade dos membros integrantes do pleno, pasando a continuación ao tratamento do asunto.

-Dña. Sandra Vilela toma palabra para dicir: “Creo que todos estamos de acordo no fondo do asunto e ninguén quere ter carencia en médicos pero a espada de Damocles sempre se poñe na Xunta de Galicia cando se sabe que no caso dos pediatras a Xunta de Galicia leva pedíndolle ao estado que no caso de pediatras que lle autorice para facer un MIR extraordinario nesta especialidade e só se concede un mínimo de prazas que non ten que ver co que a Xunta solicitaba. Polo tanto a responsabilidade non é só da Xunta. O problema da atención primaria e pediátrica de falta de sanitarios e especialistas non é exclusivo de Galicia, é algo que pasa en todo España, e ven dado, aínda que a competencia sanitaria sexa autonómica a quen on hai especialistas.

A Xunta está traballando niso, anunciando que vai sacar unha oferta pública de emprego coa modalidade dun concurso de méritos para intentar acadar cubrir estas prazas que son de máis difícil cobertura como o caso de Muxía. Creo que tamén se debería de pedir ao Ministerio de Sanidade xa que non se pode ter médicos se non nos autorizan a formalos.

Creo que tamén sería interesante que desde a súa postura de partido que nas xuntanzas que teñan quizais estaría ben que trasladasen esta parte ao seu partido político para que Galicia non estea sen pediatras porque o Ministerio correspondente non autoriza a formar pediatras.

O noso voto vai ser a favor desta Moción.

-D. Carlos Fernández Concheiro toma a palabra para dicir: A decadencia da sanidade pública xa ven ocorrendo dende fai moito tempo. As competencias en sanidade son da Xunta de Galicia.

Deberíamos poder formar nós aos nosos profesionais e non pedir permiso ao Goberno Central para elo.

Gutaríame que esta reclamación se fixese cando governe o meso partidos nas dúas institucións (Goberno Central e Xunta) haber se cambia esta situación. O meu voto vai ser a favor.

-Dña. Monica Vilela toma a palabra para dicir: “O problema no rural é moito peor. Eu son unha persoa que cando me pasa algo fago a miña reclamación no Centro de Saúde ao SERGAS, pero todo o mundo debería de facelo. As poucas prazas que hai queren ir para as cidades, e hai que facerllo atractivo aos sanitarios para que queden nos pobos. O novo voto vai ser a favor.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde procede á lectura da proposta ao respecto, que o Pleno, por unanimidade dos membros presentes acorda:

-Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade, administracións con competencias directas na xestión, a garantir a cobertura inmediata do persoal facultativo do Centro de Saúde de Muxía, así como a solucionar os problemas nas citas de dito centro que están causando un gran prexuízo aos muxiáns de muxianas.

6.-Control de órganos de Goberno. Rogos e Preguntas

-Dna. Sandra Vilela voceira do Grupo municipal do PP toma a palabra para dicir: “Se fago algunha pregunta vai contestar? É unha falta de respecto a min e a quen nos votou. É a súa obriga. Como Alcalde de todos debería de facer a contestación pertinente.

-O Sr. Alcalde responde que poden facer as preguntas que queiran.

-Dna. Sandra Vilela pregunta pola situación do conserxe do colexio de Os Muíños, porque se enterou de que ao parecer estivo uns días e non tiña contrato, e non se pode mandar a alguén o mesmo día ás 9 da mañá. A dirección do centro non sabe nada e tampouco ata cando vai estar esta persoa que fai as funcións de conserxe neste momento.

Tamén me gustaría saber que pasou coas cantinas o día da Barca, xa que parece ser que se lles mandou pechar a unha hora a unhas e a outras non.

-D. Carlos Fernández toma a palabra para dicirlle ao Alcalde se lle vai contestar, ao que o Alcalde responde que pode facer as preguntas.

Tiña a mesma pregunta que ao do Conserxe de Os Muíños, e tamén quería saber como van as obras do POS.

-Dna. Mónica Vilela toma a palabra para dicir: “Tiña a mesma pregunta do conserxe de Os Muíños e tamén quería saber, xa que o anuncio vostede nas Festas da Barca o tema de retomar a Fundación Gonzalo López Abente. Quería saber como está este tema.

Tamén quería saber porqué non houbo un bando sobre o tema da auga, sobre todo para facer un uso prudente e responsable dela pola seca que hai, xa que outros concellos o fixeron.

O Alcalde contesta que quen queira recoller as respostas do pleno anterior tenas a súa disposición a Secretaria-acctal. Recolle D. Carlos Fernández e Dna. Sandra Vilela.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Ás 20:55 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, luns 19 de setembro de 2022

A secretaria-acctal M. Carmen Barcia O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña Fernández